

PLAN IGUALDADE

CEIP Plurilingüe da
Rabadeira



ÍNDICE

INTRODUCCIÓN páx.3

BASE LEGAL páx.5

CONTEXTUALIZACIÓN páx.6

OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN páx.10

MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS páx.14

SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN páx.21

MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN páx.23

PLAN DE IGUALDADE

INTRODUCCIÓN

Os estereotipos de xénero e as condutas discriminatorias e violentas son un feito que se foi repetindo ao longo da historia. Actualmente, aínda que a sociedade foi evolucionando, estes aspectos seguen a constituír un elemento disruptivo na vida das persoas e das sociedades, xa que, aínda que houbo avances a nivel lexislativo no recoñecemento de dereitos de todos os seres humanos (independentemente da súa raza, sexo, condición sexual, etc.), o avance na aplicación práctica deses dereitos vai máis lento a nivel social que a nivel lexislativo. A educación convértese, unha vez máis, nunha das ferramentas máis potentes para tratar de revertir esta tendencia e acabar coas condutas que fornecen todas as desigualdades. A escola é unha das plataformas máis axeitadas para a superación de todo tipo de prexuízos e como elemento de transformación e cambio das estruturas e prácticas sociais que fornecen a intolerancia e deben desaparecer da nosa vida social.

O I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020 e a Instrución do 6 de setembro de 2019 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para a elaboración de plans de igualdade no presente curso, establecen que a comunidade educativa debe impulsar un modelo de escola coeducativo que estableza medidas concretas de actuación, e que ofrezan pautas de promoción da igualdade, da coeducación e da prevención da violencia de xénero nas escolas. Atendendo a todas estas consideracións xorde o Plan de Igualdade do centro coma instrumento preciso e necesario para establecer medidas e actuacións concretas que incorporen a perspectiva de xénero en todos os elementos esenciais de desenvolvemento do centro: plans, materiais, currículo, actividades, ...

Á hora de elaborar o Plan de Igualdade partiremos de tres elementos:

- O marco legal existente aportará a visión preventiva, construtiva, positiva e integral do plan.
- O marco teórico, que recoñece o papel vital que xoga a formación en igualdade para transmitir valores, normas e actitudes que favorezan os

comportamentos de respecto aos demais, sen que teñan cabida as actitudes agresivas, estereotipadas ou violentas.

- A reflexión do Claustro de Profesorado e do Consello Escolar sobre o modelo coeducativo do centro.

Plan de Igualdade do centro pretende o reforzo do de convivencia que estamos a establecer no centro co resto de actividades e plans que levamos a cabo no noso colexio (Plan de Convivencia, NOF, actividades puntuais levadas a cabo, ...). O respecto, a non discriminación e a superación de prexuízos sexistas deben ser elementos esenciais do plan e contribuír ao desenvolvemento integral do alumnado.

As actuacións do Plan quedarán integradas no currículo, no PE e na PXA cun carácter transversal e en relación ao resto de actividades de aprendizaxe das diferentes áreas.

Para que o Plan chegue a ser realmente efectivo precisaremos da implicación de toda a comunidade educativa. Iso implica que debe ser coñecido e asumido por todos os seus membros: alumnado, profesorado, persoal non docente, familias e administración educativa e que levalo a cabo debe ser unha tarefa e responsabilidade conxunta e de todos/as. A integración transversal da perspectiva de xénero no currículo debe ser inherente ás dúas etapas educativas do centro (Educación Infantil e Educación Primaria), e tratará de potenciar unha formación igualitaria e coeducativa en todos os temas que abrangue (autonomía persoal, educación emocional, educación afectivo-sexual, relacións persoais e resolución pacífica de conflitos).

Tal e como recolle a Instrución do 6 de setembro de 2019, o Plan de Igualdade basearase nos seguintes principios:

- Valores democráticos. A coeducación constitúe un modelo educativo que garante os valores sobre os que se sustentan as sociedades democráticas (igualdade, liberdade, xustiza, respecto, tolerancia, autonomía responsabilidade, solidariedade), pois garante a defensa dos dereitos humanos. Estes valores requiren a non discriminación de ningunha opción e fomentan a cultura da paz.
- Transversalidade. A perspectiva de xénero integrarase na elaboración, desenvolvemento e seguimento de todas as actuacións do centro.

- Inclusión. A aplicación da perspectiva de xénero supón a erradicación de calquera situación de discriminación do alumnado por razón de sexo, xénero, identidade de xénero ou orientación sexual. As medidas e actuacións para educar na diversidade irán dirixidas ao conxunto da comunidade educativa.
- Igualdade de oportunidades. O centro educativo debe axudar á construción dunha sociedade libre na que mulleres e homes teñan as mesmas oportunidades de realización persoal e profesional, respectando os dereitos, deberes e liberdades de todos e todas.
- Visibilidade. O plan de igualdade debe contribuír a transmitir un coñecemento libre de estereotipos que favorece a identificación e o recoñecemento de todos os saberes máis alá do xénero. Estará presente nos diferentes ámbitos da comunidade educativa (familia, profesorado, persoal non docente e alumnado) a través de elementos esenciais coma a linguaxe escrita e oral nos diferentes soportes de información que utiliza o centro. Tamén é importante dar máis importancia e valor ás contribucións das mulleres ao longo da Historia nas diferentes disciplinas. É necesario tamén identificar e facer visibles as diferenzas entre nenos e nenas coma elemento positivo e previr as posibles desigualdades de trato coma consecuencia destas diferenzas, para facilitar o seu recoñecemento e evitar discriminación.

BASE LEGAL

- Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019-20, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.
- Constitución Española: artigo 14, con que se recoñece formalmente a igualdade ante a lei por razón de sexo; artigo 9.2, que asevera a obriga dos poderes públicos de promover as condicións para que esa igualdade sexa real e efectiva.

- Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia: artigo 4.2 na defensa da igualdade.
- Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade: artigos 17, 18, 22, 23, 24, 25 e 26.
- Resolucións aprobadas pola Unión Europea sobre igualdade de xénero.
- Preámbulo, artigos 1 e 2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes, artigos 23 e 24.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-20.

CONTEXTUALIZACIÓN

Realidade do centro

O CEIP Plurilingüe da Rabadeira é un centro educativo público creado con dúas liñas por nivel (aínda que no presente curso hai unha terceira liña en 4º e 4 liñas en 6º de Educación Primaria). Hai, polo tanto, 6 grupos de Educación Infantil e 15 grupos de Educación Primaria, para total de 439 alumnos e alumnas.

O centro ten servizo de comedor escolar (de xestión directa), servizos de madrugadores e extraescolares (xestionados pola ANPA do centro).

O persoal do centro consta de 38 mestres/as (32 mulleres e 6 homes), unha conserxe, un administrativo, tres coidadoras e catro mulleres de persoal de limpeza (o persoal de comedor está formado por 21 colaboradores/as. Temos ademais neste curso unha auxiliar de conversa estadounidense por ser centro plurilingüe.

O Consello Escolar está representado polo Equipo Directivo (formado por un home e dúas mulleres), 5 representantes do profesorado (todas

mulleres), 1 representante do Concello de Oleiros (a Concelleira), a presidenta da ANPA, e 4 representantes máis das familias (tres nais e un pai).

As familias do centro móvense en diferentes tipos de realidades socio-económicas, predominando un nivel medio. A procedencia do alumnado varía desde as familias orixinarias do Concello de Oleiros e concellos limítrofes proximidade co Concello de A Coruña e, ademais, hai algún alumnado de etnia xitana da zona. Tamén destacamos que o alumnado inmigrante ou descendente de inmigrantes foi en aumento ao longo dos anos.

En xeral a relación coas familias e as institucións é fluída. Salvo casos puntuais o absentismo escolar ten un índice moi baixo (e o que hai está incluído nos protocolos correspondentes).

O Equipo Docente sufriu unha remodelación moi grande nos derradeiros anos (por varias xubilacións) e neste curso xa é maioritariamente definitivo.

O profesorado ten un alto nivel de traballo e implicación no colexio.

O Equipo Directivo inicia neste curso o seu segundo ano de mandato coa idea clara e asumida de levar a cabo un cambio na súa dinámica de traballo colaborativo e metodolóxico que nos leve dunha metodoloxía máis tradicional a outros estilos de aprendizaxe que promovan o respecto, a curiosidade, a indagación, o descubrimento e, en definitiva unha aprendizaxe máis significativa.

Situación actual: análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGTBIfobia.

No colexio estamos a observar unha boa predisposición e sensibilización, por parte de toda a comunidade educativa, en relación ás actitudes e valores referentes á igualdade e á aceptación da diversidade, así como cara ao rexeitamento de calquera tipo de violencia, e especificamente a de xénero.

Aínda así, constatamos que seguen a persistir actitudes e comportamentos, na comunidade educativa en xeral, que denotan que, en moitos aspectos, continuamos estando educados nos roles de xénero tradicionais, subsistindo condutas sexistas que, ás veces, son difíciles de discernir, motivo que fai, entre outros, imprescindible o desenvolvemento deste plan.

O centro dispón de recursos en materia de coeducación, respecto aos iguais e diferentes, e violencia de xénero que podemos atopar esencialmente na biblioteca do colexio.

Somos conscientes de que debemos incrementar esa dotación de material e trasladala ás aulas. Tamén deberemos iniciar a recompilación de material do que carecemos: sobre identidade e orientación sexual, respecto ás minorías,...

Puntualmente realizamos actividades e dinámicas de concienciación e sensibilización relacionadas coa igualdade. Desde as titorías e o EACE organízanse de xeito puntual actividades para toda a comunidade educativa (aínda que especialmente para o alumnado): o 25 de novembro conmemoramos o Día Internacional contra a violencia de xénero, o 8 de marzo o Día da Muller.

Tamén os niveis de quinto e sexto participan no Plan Director con charlas de Garda Civil sobre acoso, ciber-acoso e uso da tecnoloxía. Estes dou niveis participan nas actividades propostas polo Concello de Oleiros (acoso para alumnado, saúde e igualdade para familias e profesorado, ...).

Por todo isto debemos incidir no colexio no ámbito da coeducación en varios aspectos:

- Profesorado:
 - Formación permanente do profesorado onde se traballe de maneira directa ou transversal a perspectiva de xénero, a coeducación, a empatía, a resolución de conflitos e a convivencia.
 - Asunción dos compromisos relacionados coa igualdade tomados polo Claustro e o Consello Escolar.
 - Compromiso na utilización dunha linguaxe inclusiva.
 - Detectar a presenza de sesgos ou estereotipos de xénero implícitos, que poden operar sen conciencia ou intención, e corrixilos.
- Alumnado:
 - Aceptación do "diferente", evitando insultos e/ou burlas a aqueles/as que se poidan saír do considerado "normal".

- Uso igualitario de espazos. Fomentar a ocupación igualitaria de espazos a través de iniciativas coma os patios dinámicos, establecendo calendarios de uso das pistas (especialmente das deportivas) e tratando de acadar sempre unha distribución axeitada dos espazos.
- Participación en actividades complementarias. Fomentar todas as actividades que se desenvolven na escola promovendo que non hai actividades de “nenos e de nenas”, senón que calquera pode participar en calquera actividade sen ter en conta o xénero, xa que as actividades non teñen xénero.
- Detectar a presenza de roles e estereotipos de xénero sexistas nas diversas relacións diarias na escola e promover actividades para erradicalos.

Dar a coñecer progresivamente a sexualidade e a realidade LGTBI para promover o respecto a todos e todas,

- independentemente da súa condición.
- Familias:
 - Promover actividades e iniciativas que fomenten nos fogares a corresponsabilidade e o reparto igualitario de tarefas no fogar, así como da participación no coidado dos fillos e fillas, que aínda se está a dar en varias familias.
 - Reforzar as iniciativas para a utilización de xoguetes e xogos non sexistas, e a participación en todo tipo de deportes como elemento de inclusión.
 - Utilización dunha linguaxe non sexista, que non distinga de fillos e fillas á hora de dirixirse a eles/as.
 - Detectar a presenza, aínda moi arraigada, de micromachismos, roles e estereotipos sexistas, para coñecela e eliminala de xeito progresivo.
- Centro:
 - Fomentar o reparto equitativo de espazos para o uso e goce dos espazos comúns do colexio.
 - Presenza equilibrada do alumnado nos grupos.

- Revisión e corrección, se é o caso, da linguaxe nos diferentes documentos do centro, nas circulares informativas e na cartelería para evitar a linguaxe sexista.
- Creación de elementos e actividades que sirvan para afondar no diagnóstico da situación respecto á igualdade de xénero no centro escolar.
- Revisión e selección dos materiais didácticos para evitar que presenten linguaxe, contido e/ou imaxes sexistas propoñendo alternativas cando se detecten elementos deste tipo.

OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN

- Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
 - Garantir a igualdade de oportunidades no ámbito escolar.
 - Fomentar a representación equilibrada de nenas e nenos nas aulas.
 - Velar pola transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada no noso centro.
 - Sensibilizar ao alumnado sobre a importancia da corresponsabilidade e fomentar a mesma.
 - Potenciar o uso dunha linguaxe inclusiva tanto nos documentos de comunicación interna coma externa do centro escolar.
 - Visualizar a influencia dos roles de xénero nas condicións de vida, nas oportunidades e nas posibilidades de desenvolvemento persoal.
 - Substituír estereotipos por imaxes reais nos que homes e mulleres sexan valorados en igualdade.
 - Fomentar o uso de materiais didácticos que non presenten linguaxe, contido e/ou imaxes sexistas propoñendo alternativas cando se detecten elementos deste tipo.
 - Establecer un reparto equitativo para o uso e goce dos espazos comúns e xogos por parte das nenas e nenos do colexio.
 - Fomentar actividades formativas específicas sobre obxectivos coeducativos (promoción da igualdade entre mulleres e homes,

prevención da violencia de xénero, educación afectivo-sexual, prevención do abuso sexual infantil, prevención da LGTBIfobia, ...).

- Poñer a disposición do profesorado recursos, estratexias, metodoloxías e materiais encamiñados a crear espazos e tempos de convivencia non estruturados (recreos, entradas e saídas, comedor escolar).
- Realizar actividades dirixidas a todo o alumnado nas datas sinaladas na orde de Calendario Escolar de cada curso.
- Sensibilizar sobre o papel que xogan as familias na socialización dos seus fillos e fillas e sobre a problemática en torno á igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Conseguir a colaboración das familias co centro para unha educación en equidade.
- Garantir a integración transversal da incorporación da perspectiva de xénero e do principio de igualdade de oportunidades na documentación organizativa do centro educativo.
- Asegurar a presenza da coeducación e de obxectivos coeducativos concretos no Proxecto Educativo, no Plan de Convivencia e no Plan de acción tutorial.
- Afondar no modelo de coeducación e introducir a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas.
- Integrar o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres na nosa práctica docente a través da realización de actividades.
- Promover unha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero.
- Nomear unha persoa responsable en material de igualdade no Consello Escolar.
- Concretar os obxectivos coeducativos a través dos plans do centro.
- Difundir os obxectivos coeducativos entre os distintos membros da comunidade educativa para a súa información e sensibilización.

- Educar en igualdade alonxándose dos estereotipos, prexuízos e discriminacións por razón de sexo.
- Fomentar a reflexión sobre o papel da muller e o home nunha contorna igualitaria.
- Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.
 - Implicar ás familias na participación de accións colectivas para previr a violencia.
 - Desmontar mitos e estereotipos en torno á violencia para apostar pola responsabilidade social e grupal.
 - Sensibilizar á comunidade educativa en materia de violencia de xénero para coñecer as características e dimensións desta problemática.
 - Definir as medidas de acompañamento do protocolo de identidade de xénero.
 - Actuar nas situacións de acoso e violencia de xénero.
 - Activar protocolos e/ou medidas de intervención para abordar condutas contrarias á convivencia (nesta caso por razón de xénero).
 - Visualizar o fenómeno e informar sobre el para tomar conciencia e actuar.
 - Traballar na prevención de todo tipo de situacións de violencia.
 - Dedicar especial atención á prevención da violencia de xénero, á igualdade e á non discriminación nas normas de organización, funcionamento e convivencia do centro.
 - Fomentar xeitos de estar e convivir baseados no respecto, a tolerancia, o diálogo e o coidado.
- Promoción do respecto pola diversidade afectivo–sexual.
 - Intensificar a formación do profesorado para o tratamento da diversidade afectiva e sexual no ámbito educativo.
 - Fomentar a dispoñibilidade nas bibliotecas dos centros educativos dun catálogo de libros, manuais e materiais audiovisuais que inclúan a temática da diversidade sexual, que se adecúen ás

- diferentes idades do alumnado e á finalidade do respecto e a dignidade para a ampla diversidade que existe dentro do seo da condición humana.
- Realizar actuacións formativas dirixidas ás familias, relacionadas coa diversidade sexual, facendo especial fincapé no coñecemento da realidade transexual.
 - Concretar os contidos dunha educación afectiva–sexual integral para todo o alumnado do colexio.
 - Realizar actuacións de información e sensibilización sobre diversidade sexual e de xénero dirixidas ao alumnado, con especial recoñecemento e normalización da realidade transexual, incluíndo actividades de autocoñecemento, coñecemento mutuo, empatía, aprecio e comunicación para favorecer a cohesión do grupo.
 - Educar en igualdade alonxándonos de estereotipos, prexuizos e discriminación por razón de sexo e orientación sexual.
- Prevención, detección en intervención en casos de LGTBIfobia.
 - Previr actitudes e/ou comportamentos LGTBIfóbicos que impliquen prexuizos e/ou discriminación por razón de orientación sexual, identidade ou expresión de xénero.
 - Garantir o respecto ás manifestacións LGTBI que se realicen no ámbito educativo e o libre desenvolvemento da personalidade e liberdade das persoas, conforme á súa identidade e/ou orientación sexual.
 - Educar desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual e afectiva.

MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS

♣ Organización do centro.

DESTINATARIOS/A S	RESPONSABLES	PROCEDEMENTOS
Comunidade educativa	Equipo Directivo	Incluír as novidades legais nos distintos documentos do centro.
Comunidade educativa	Equipo Directivo	Integrar a perspectiva de igualdade na PXA e todos os proxectos que a compoñen.
Comunidade educativa	Equipo Directivo Claustro Consello Escolar	Difundir o Plan de Igualdade entre os distintos membros da comunidade escolar (con especial atención ás familias).
Comunidade educativa	Equipo Directivo	Fomentar unha representación equitativa nos órganos de decisión do centro.
Comunidade educativa	Equipo Directivo Consello Escolar	Nomear a unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar na posta en marcha e impulso do Plan de Igualdade.
Comunidade educativa	Administración Educativa Equipo Directivo Claustro	Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.
Comunidade educativa	Equipo Directivo Claustro Familias	Promover a participación do centro no Plan Director dirixido a familias, alumnado e profesorado.
Comunidade educativa	Equipo Directivo Claustro	Fomentar e fornecer o emprego dunha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade cotiá do centro.
Comunidade educativa	Equipo Directivo Claustro Comisión de Convivencia e Igualdade	Detección de situacións de desigualdade na comunidade educativa.
Comunidade educativa	Equipo Directivo Claustro Outras entidades: Concello, Asociacións,	Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas.

DESTINATARIOS/AS	RESPONSABLES	PROCEDIMENTOS
Comunidade educativa	Equipo Directivo Equipos CCP D. Orientación	Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar (25 de novembro, 8 de marzo, ...).
Alumnado	Equipo Directivo Niveis CCP D. Orientación	Concretar o desenvolvemento curricular da educación afectivo–sexual integral para todo o alumnado do centro.
Alumnado Familias	Equipo Directivo Niveis CCP D. Orientación	Promover o desenvolvemento da orientación laboral e profesional libre de estereotipos. Promover o coñecemento de distintos profesionais alonxados dos estereotipos.
Alumnado	Equipo Directivo Niveis CCP D. Orientación	Promover pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero.
Alumnado	Administración Educativa Equipo Directivo	Ofertar materias específicas de igualdade de xénero, aproveitando as materias de libre configuración.
Profesorado	Administración Educativa Equipo Directivo Claustro	Participar en programas específicos de igualdade de xénero para traballar a coeducación desde o currículo.
Comunidade educativa	Equipo Directivo Claustro	Difundir o Plan de Igualdade entre toda a comunidade educativa do centro. Fomentar o traballo deste plan no PDI do centro.
Comunidade educativa	Equipo Directivo Claustro Consello Escolar Niveis CCP D. Orientación	Crear no seno da Comisión de Convivencia do Consello Escolar un Observatorio de Igualdade que interveña nos asuntos relacionados coa igualdade, e na prevención da violencia de xénero; que actualice os datos de diagnóstico da situación respecto á convivencia e igualdade de xénero no centro escolar e que vele pola presenza equilibrada do alumnado nos grupos.

DESTINATARIOS/AS	RESPONSABLES	PROCEDEMENTOS
Comunidade educativa	Equipo Directivo Consello Escolar Claustro ANPA	Potenciar a participación e colaboración das familias, a ANPA e a comunidade educativa en xeral na defensa da igualdade.

♣ Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

DESTINATARIOS/AS	RESPONSABLES	PROCEDEMENTOS
Alumnado	Xefatura de Estudos Profesorado CCP D. Orientación	Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: incluír ás mulleres relevantes en cada ámbito do saber, as desigualdades de xénero, completar a historia da humanidade, ...
Alumnado	Xefatura de Estudos Profesorado CCP D. Orientación	Revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, das personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades, ...).
Alumnado	Profesorado CCP D. Orientación	Realizar actividades de sensibilización na aula.
Familias	Administración Educativa Equipo Directivo	Ofertar materias específicas de igualdade de xénero, aproveitando as materias de libre configuración.
Profesorado	Equipo Directivo D. Orientación ANPA	Realizar actividades de información e sensibilización coas familias.
Comunidade educativa	Equipo Directivo Claustro	Presentar o Plan de Igualdade a toda a comunidade educativa: na web, con charlas, ...
Alumnado Familias	Profesorado CCP D. Orientación	Sensibilizar contra a violencia de xénero ou ante calquera tipo de discriminación: charlas, debates, material impreso e/ou visual, ...

DESTINATARIOS/AS	RESPONSABLES	PROCEDIMENTOS
Alumnado	Profesorado	Realizar agrupamentos tendo en conta a perspectiva de xénero en xogos e actividades deportivas, na realización de traballos en grupo, así coma na ubicación dentro da propia aula.
Alumnado	Profesorado	Practicar xogos populares e actividades deportivas con agrupamentos heteroxéneos e participación de ambos sexos naqueles cun carácter máis estereotipado.
Alumnado	Comunidade Educativa	Ofrecer modelos de actuación coeducativos na realización de actividades e responsabilidades escolares de mulleres e homes.
Alumnado	Profesorado	Debater sobre a influencia dos roles de xénero nas condicións de vida, nas oportunidades e nas posibilidades de desenvolvemento persoal.
Alumnado	Profesorado	Promover a reflexión sobre as tarefas e oficios que realizan habitualmente a muller ou o home e promover un debate para analizar que non importa o sexo á hora de elixir unha carreira ou profesión.
Alumnado	Profesorado (preferentemente formado en Educación Emocional)	Debater sobre sexualidade, afectividade e a súa diversidade, fomentando o respecto e a tolerancia cara a ese ámbito.
Alumnado	Profesorado	Debater sobre a importancia dos valores básicos que rexen a vida e a convivencia humana e actuar de acordo con eles; ensinando aos nenos e nenas a desenvolver condutas que lles permitan recoñecer a violencia en si mesmos e noutras persoas, e a desenvolver habilidades persoais de autoprotección.

DESTINATARIOS/AS	RESPONSABLES	PROCEDEMENTOS
Alumnado	Profesorado	Favorecer o desenvolvemento da autoestima do alumnado a través de actividades que promovan a empatía, a expresión das emocións, a aceptación das diferenzas e as técnicas de resolución de conflitos.
Alumnado	Profesorado	Reflexionar sobre o contido machista de cancións, películas, contos, publicidade, etc. que atopamos actualmente.
Comunidade educativa	Claustro Alumnado Familias Persoal non docente Responsable de coeducación	Crear un taboleiro coeducativo e ubicalo nun lugar visible no que o alumnado e o profesorado poidan expoñer o que consideren importante sobre o tema. A persoa responsable de coeducación publicará suxestións de actividades para realizar na aula e no centro.
Comunidade educativa	Equipo Directivo Claustro	Avaliar o clima do centro respecto a unha convivencia harmónica que integre a igualdade de xénero, sexual e afectiva.
Comunidade educativa	Equipo Directivo CCP D. Orientación Outras entidades: Concello, Asociacións, ...	Coordinar accións cos axentes extraescolares relacionados coa igualdade de xénero.
Comunidade educativa	Equipo Directivo CCP Equipos e dinamizacións	Fomentar a celebración das festas do centro desde unha perspectiva de xénero.

DESTINATARIOS/AS	RESPONSABLES	PROCEDEMENTOS
------------------	--------------	---------------

Comunidade educativa	<p>Equipo Directivo CCP Equipos e dinamizacións Outras entidades: Concello, Asociacións, ...</p>	<p>Commemorar as seguintes datas:</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ 25 de novembro (Día Internacional contra a violencia cara ás mulleres). ○ 10 de decembro (Día Internacional dos Dereitos Humanos). o Campaña do xogo e o xoguete non sexista (antes do Nadal). ○ 6 de febreiro (Día Internacional da tolerancia cero coa mutilación xenital feminina). ○ 11 de febreiro (Día Internacional da nena e a muller na Ciencia). ○ 8 de marzo (Día Mundial da muller). ○ 15 de marzo (Día Internacional da visibilidade trans). ○ 26 de abril (Día Internacional da visibilidadelésbica). ○ 15 de maio (Día Internacional da familia). ○ 17 de maio (Día Internacional da LGTBIfobia).
----------------------	--	--

- ♣ Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

DESTINATARIOS/AS	RESPONSABLES	PROCEDEMENTOS
Comunidade educativa	<p>Equipo Directivo Responsable de igualdade Dinamizadora EACE</p>	Difundir información a través dun taboleiro do centro.
Alumnado Familias	<p>Equipo Directivo Equipo da Biblioteca</p>	Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.

Alumnado	Equipo Directivo CCP Dinamización das TIC CCP	Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.
Comunidade educativa	Equipo Directivo Claustro	Revisar a idoneidade das entidades colaboradoras co centro en canto ao respecto á diversidade sexual e de xénero.
Comunidade educativa	Claustro Niveis CCP D. Orientación	Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.
Alumnado	Equipo Directivo Claustro Equipo de patios dinámicos	Xestionar as actividades e a ocupación do patio para favorecer a inclusión.
Alumnado	Equipo Directivo Claustro	Promover a cooperación nos espazos tecnolóxicos.
Alumnado	Claustro CCP D. Orientación	Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e emocional.
Alumnado	Equipo Directivo Claustro Club de Ciencia Familias Outros	Ofrecer modelos de figuras representativas do xénero feminino nos ambientes científicos e tecnolóxicos e promover a participación nas actividades científicas, deportivas, ...

- ♣ Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

DESTINATARIOS/AS	RESPONSABLES	PROCEDEMENTOS
Comunidade educativa	Claustro Familias Persoal non docente	Promover o respecto e o bo trato entre mulleres e homes.
Comunidade educativa	Comunidade Educativa	Promover actividades de coidado entre persoas, medio ambiente, ...
Comunidade educativa	Claustro Familias Persoal non docente	Promover o respecto á diversidade de xénero.

Alumnado	Equipo Directivo Claustro	Promover metodoloxías activas, participativas e cooperativas.
Alumnado Familias	Claustro Familias	Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.
Comunidade educativa	Equipo Directivo Claustro Familias Outros	Promover actividades de intervención social na comunidade educativa.

SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

O Equipo Directivo do centro garantirá a participación da avaliación do Plan de Igualdade de todos os membros da comunidade educativa, a través dos mecanismos de coordinación e colaboración descritos. Recompilaremos a información mediante os instrumentos de avaliación elixidos, sobre o diagnóstico do centro, o funcionamento do plan, ... valorando os avances nesta materia do xeito máis obxectivo posible.

Logo da análise e valoración destes datos, estableceranse propostas de mellora para os seguintes cursos académicos, a fin de ir completando a abordaxe e desenvolvemento dos distintos obxectivos coeducativos. A CCP realizará tamén unha avaliación de cumprimento do Plan, e toda a información recadada, así como as propostas de mellora, serán trasladadas ao Claustro e ao Consello Escolar.

A avaliación do plan realizarase atendendo aos seguintes criterios:

- Grao de implantación e consecución dos obxectivos propostos.
- Coordinación e implicación do Plan de Igualdade en todos os

documentos do centro.

- Actuacións e grao de participación da comunidade educativa.
- Participación e implicación do alumnado.
- Participación e implicación do profesorado.
- Valoración da dinámica dos grupos en relación á eliminación de rasgos sexistas.
- Valoración da utilización de recursos didácticos e dunha linguaxe integradora e inclusiva con ambos sexos e libre de prexuízos.
- Valoración dos resultados obtidos.
- Conclusións e propostas de mellora.
- Avaliación do proceso e dos resultados.
- Documentación elaborada.

Os instrumentos de avaliación que empregaremos serán:

- En canto á recollida de información: o Observación. o Sesións de avaliación.
 - Reunións de ciclo e nivel, Claustro, CCP, Departamento de Orientación, Consello Escolar, ...
 - Debates na aula co alumnado.
- En canto ao funcionamento do plan:
 - Observación directa. o Fichas de avaliación das actividades extraescolares. o Cuestionarios para o profesorado, alumnado, familias e persoal non docente. o Rexistros de cumprimento do Plan.
 - Memorias do centro.

O Equipo Directivo levará a cabo o control e seguimento do Plan e coordinará as actuacións co ciclo e niveis, o Departamento de Orientación, a ANPA e o Consello Escolar. Ademais levaremos a cabo unha revisión anual do Plan ao comezo de cada curso escolar, a para analizar a evolución do mesmo e o ambiente do centro, incorporando posibles propostas de mellora recollidas na memoria do curso anterior, procedéndose así á súa actualización. Cada revisión será aprobada polo Claustro e o Consello Escolar, e será incluída no Proxecto Educativo e na PXA.

Despois da aprobación do Plan de Igualdade no Claustro e no Consello Escolar procederemos a difundilo a través dos diferentes medios cos que conta

o colexio: web, aplicación AbalarMóbil, ...

MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN

O Plan de Igualdade forma parte do Proxecto Educativo do centro (PE) e da Programación Xeral Anual (PXA) e por iso debe ser coherente cos principios que se derivan dos mesmos. No PE están incluídos os principios que deben orientar o Plan de Igualdade. Na PXA incorporaranse as actuacións previstas no Plan de Igualdade para cada curso académico.

O Departamento de Orientación poderá asesorar ao Equipo Directivo, á Comisión de Coordinación Pedagóxica e ao profesorado cando sexa preciso e oportuno. No Plan de Orientación Anual teranse en conta as directrices previstas no Plan de Igualdade. Asemade no Plan de Acción Titorial prestarase especial atención á educación en igualdade.

O Equipo Directivo será o responsable de velar polo funcionamento do Plan, coordinando as actuacións levadas entre o profesorado, a CCP, o Departamento de Orientación e coa colaboración do Claustro e o Consello Escolar do colexio.

O profesorado do centro, a través das reunións de nivel, será o encargado de facer chegar as posibles propostas e inquedanzas á CCP que, trimestralmente, serán debatidas na mesma, transmitíndose ao Claustro e o Consello Escolar cando se considere necesario.

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN
Analizar a situación das aulas.	Analizar en cada grupo posibles problemas de convivencia relacionados coa igualdade e/ou identidade e orientación sexual, trasladando estes, cando existas, ás reunións de ciclo e nivel.	Claustro Niveis CCP Equipo Directivo	Trimestral

Revisar as liñas de actuacións sobre igualdade de xénero.	Reunirse por niveis para revisar o Plan de Igualdade, tendo en conta posibles incidencias e novas suxestións, planificando actuacións conxuntas que fomenten a igualdade de xénero.	Claustro CCP D. Orientación Equipo Directivo	Trimestral
Consensuar unha metodoloxía facilitadora da igualdade.	Autoavaliación da práctica docente. Debate nos niveis e na CCP.	Claustro CCP D. Orientación Equipo Directivo	Durante todo o curso

Establecer reunións entre docentes.	Sistematizar reunións para intercambiar experiencias e materiais.	Claustro D. Orientación Equipo Directivo	Durante todo o curso
Revisar o PAT: levar a cabo un traballo na aula desde unha perspectiva de xénero.	Autoavaliación da práctica docente. Debate nos niveis e na CCP.	Claustro CCP D. Orientación	Durante todo o curso

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN
Fomentar unha cultura de tolerancia e respecto: celebracións e conmemoracións.	Conmemorar as distintas celebracións.	Claustro CCP D. Orientación Equipo Directivo	Ao longo de todo o curso
Avaliación do Plan de Igualdade.	Facer o seguimento e valorar o cumprimento do plan, trasladando a información ao Claustro e ao Consello Escolar	Consello Escolar Claustro CCP D. Orientación Equipo Directivo	Trimestral
Revisar as accións prioritarias do Departamento de Orientación.	Revisar e aplicar as directrices do Plan de Igualdade nas accións prioritarias do Departamento.	D. Orientación	A principio de curso

<p>Coordinar actuacións entre o Equipo Directivo e os demais órganos e persoal do centro.</p>	<p>Revisar as actuacións levadas a cabo e avaliar a súa coherencia, desenvolvemento e execución.</p>	<p>Consello Escolar Claustro Ciclo e niveis CCP D. Orientación Equipo Directivo ANPA Persoal non docente</p>	<p>Durante todo o curso</p>
---	--	---	-----------------------------